

Currículos Formación Profesional

Currículo de técnico superior en Xestión da Auga.

Currículo de técnico en redes e estacións de tratamento de augas.

Currículo de técnico superior en ensinanza e animación sociodeportiva.

Currículo de Profesional básico en Acceso e Conservación en Instalacións Deportivas.

Currículo de técnico superior en acondicionamento físico.

Ensino en galego

Demandamos que se inclúa en cada título que módulos deben ser de obrigada impartición en lingua galega para que se cumpra a lexislación vixente. Débese garantir un mínimo do 50% en galego e isto non se está a cumprir a día de hoxe. Por tanto, deben figurar os mínimos en función da carga horaria dos módulos. [Non o aceptan, din que o profesorado ten que poder escoller dar as aulas en galego ou castelán segundo a súa competencia lingüística.](#)

Tamén debe figurar expresamente na Disposición Adicional 1ª que, dentro das medidas necesarias e das instrucións precisas que a Consellaría de Educación adopte para a impartición de módulos a distancia, estará a garantía de que os materiais estean en lingua galega, algo que a día de hoxe non se cumpre na maioría dos contidos de módulos a distancia. [Din que todo o que publican eles está en galego -sen comentarios-, e que se non está en galego é culpa do MEC xa que agora non traduce as súas publicacións.](#)

Propomos incluír outro obxectivo xeral relacionado coa valoración da lingua e cultura propias para facer efectivo o dereito de todas as persoas a establecer relacións comerciais, culturais, sociais, etc.. na nosa lingua. [Non o aceptan.](#)

Ratios

A relación profesorado-alumnado non debe superar o 1/20 nos módulos teóricos e o 1/10 nos módulos de carácter experimental.

[Non o aceptan.](#)

Igualdade e perspectiva de xénero

A redacción dos obxectivos xerais inclúe nos currículos un relacionado coa igualdade de trato e non discriminación entre homes e mulleres recolle a do decreto do título de técnico en igualdade (incluíndo a prevención da violencia de xénero e a realidade homo, trans e intersexual). Parécenos ben mais apuntamos a posibilidade de trasladar este obxectivo xeral a apartados concretos do currículo. Deben recollese expresamente como se aceptou no último Consello Escolar de Galiza unha mención expresa ao recoñecemento da importancia da sensibilización e prevención da violencia de xénero.

Igualmente solicitamos que se inclúa nos resultados de aprendizaxe e nos criterios de avaliación a valoración da importancia da prevención dos riscos laborais desde unha perspectiva de xénero, no tocante a riscos laborais no embarazo e a lactación ou os riscos psicosociais e por acoso. [Non o aceptan, din que é tema transversal.](#)

Currículo do CS de Ensinanza e Animación Sociodeportiva

Este CF impártese actualmente en 12 centros de Galiza, 11 públicos e 1 privado.

No módulo de actividades físico-recreativas individuais sinálase, no perfil profesional, que os técnicos poderán traballar como socorristas en instalacións acuáticas. Sen embargo, no módulo non aparecen as U.C.s de cualificacións de instalacións acuáticas, o que parece unha incoherencia. [Din que non é competencia da Consellaría de educación, que iso vén regulado nun Decreto sobre o socorrismo, pero que depende de Presidencia.](#)

No caso do módulo de actividade físico-deportivas cóstanos que a Consellaría contou co asesoramento de profesorado especialista mais que non se tiveron en conta propostas relacionadas coa distribución horaria, o reparto de unidades formativas e os propios contidos. En concreto, tratábase da división deste módulo en dúas unidades formativas en vez de tres ao entender que permitiría unha axeitada diferenciación metodolóxica e flexibilidade á hora de traballar os contidos, partindo da propia realidade das instalacións dos nosos centros educativos e resto de instalacións deportivas públicas. Así, unha unidade formativa de 40 horas para golf, béisbol ou softball parece bastante alleo á realidade. [Que llo pasarán ao grupo técnico para o seu análise.](#)

É absolutamente fundamental á hora de deseñar un currículo de FP, como o sería nunha programación de EF de calquera etapa educativa, partir da análise dos recursos e instalacións dos centros e da contorna. Para iso, en currículos como os de Ensinanza e Animación Sociodeportiva ou Acondicionamento Físico deben contar con flexibilidade e pegados á realidade (recursos humanos, instalacións, materiais e demanda).

Acondicionamento Físico

Este ciclo está xa implantado en moitas comunidades autónomas. Aquí está paralizado. Queremos saber cal é a intención da Consellaría.

[Volven botarlle a culpa ao MEC, que non lexislaba pendente dun posíbel recurso das Universidades por invasión de competencias cos titulados dos antigos INEF.](#)

[Que agora unha vez Galiza ten o currículo comezarán coa implantación.](#)

OS NOSOS LOCAIS

SANTIAGO (Local Nacional)

Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10
15706 Santiago de Compostela
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839
santiago@cig-ensino.gal

A CORUÑA

Rúa Alfonso Molina s/n
15007 A Coruña
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735
acorunha@cig-ensino.gal

BAIXO MIÑO

Praza da Guía 3, Baixo
36780 A Guarda
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465
baixomiño@cig-ensino.gal

MORRAZO

Rúa Atranco 19a, Entrechán 1
36947 Cangas
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987
morrazo@cig-ensino.gal

FERROL

Rúa Eduardo Pondal 41-43
15403 Ferrol
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760
ferrol@cig-ensino.gal

LUGO

Ronda da Muralla 58, Baixo
27003 Lugo
☎ 982 245 023 / Fax 982 2453 891
lugo@cig-ensino.gal

OURENSE

Parque de San Lázaro 12, 4º
32003 Ourense
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855
ourense@cig-ensino.gal

PONTEVEDRA

Rúa Pasertería 1, 2º Esquerda
36002 Pontevedra
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050
pontevedra@cig-ensino.gal

A MARIÑA

Avenida de Galicia 20, 1º
27700 Ribadeo
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593
amarinha@cig-ensino.gal

VAL DE MONTERREI

Rúa Pedro González 5, 1º
32600 Verín
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013
verin@cig-ensino.gal

VIGO

Rúa Gregorio Espino 47, Baixo
36205 Vigo
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844
vigo@cig-ensino.gal

SALNÉS

Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º
36600 Vilagarcía
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323
salnes@cig-ensino.gal